

OS ALONSO, ARTISTAS EN FERROL E BUENOS AIRES

*A Pedro Puerto, ousado descubridor de Internet,
que arrequece os meus arquivos con preciosas imaxes.*

Siro

INTRODUCCIÓN

Tres son os membros da familia Alonso que, con distinta fortuna pero con igual paixón, adicaron a súa vida ás belas artes: Gerardo Alonso, que viviu sempre en Ferrol; o seu curmán Juan Carlos Alonso, ferrolán tamén, pero que viviu desde rapaz na Arxentina; e Raúl, fillo deste último, que naceu e viviu en Buenos Aires. No número 6 de *Ferrol Análisis* tratei da vida bohemia que Juan Carlos Alonso e Federico Ribas compartiron en plena mocidade, cando ambos formaban parte da redacción da prestixiosa revista bonaerense *Caras y Caretas*; hoxe quero tratar da importancia do seu labor como humorista gráfico, caricaturista e pintor, e do recoñecemento internacional que como pintor e debuxante acadou o seu fillo. Tenciono, ademais, recordar a figura de Ge-

rardo Alonso, artista sen a menor dúbida, e artista único na disciplina que practicou; e espero acertar na interpretación da súa obra e da súa peripecia persoal.

GERARDO ALONSO, ESCULTOR EN COBRE

Coñecín a Gerardo Alonso desde sempre porque vivía coa muller e cos fillos en Esteiro, na rúa Fernando VI, a cen metros da nosa casa. Recórdoos moi ben a todos, bos veciños, boa xente. A Gerardo Alonso estouno vendo: de estatura media tirando a baixo, miúdo e moi mirado da súa presenza, vestía traxe escuro e ía perfectamente peiteado con raia a un lado e unha ondiña pequena. Camiñaba amodo, sen presa; dando «caladas» longas ao cigarro que nunca lle faltaba na man. Na cara destacaban os ollos guiñados, como se lle molestase a

luz, e a boca crispada. Nunca o vin rir. A verdade é que Alonso —como era coñecido no barrio e en todo Ferrol— tiña sona de «raro», de home áspero; dicíase que estaba resentido contra a cidade que non lle recoñecía o mérito artístico que lle cumpría polo seu traballo de escultor e creador dunha obra orixinal, realizada en chapa de cobre. Cando moitos anos despois o tratei, puiden comprobar que aquela imaxe era atinada: Alonso era home de trato difícil, pero coido que non erro se digo que a causa do seu carácter acedo non estaba na vaidade ferida, senón na impotencia por sentirse creador dunha obra artística que merecía ser recoñecida e valorada internacionalmente e que a penas tivo proxección fóra de Ferrol.

El queixábase da cidade, de que ningún é profeta na súa terra, pero